



## **Plan anual de lectura 2023/2024**

### **A. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN (p.2)**

### **B. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO (p.4)**

1. En relación coa organización e xestión (p.4)
2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado (p.5)
3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital) (p.6)
4. En relación ao fomento da lectura e ao desenvolvemento do Plan de Lectura (p.7)
5. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro: en relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva (p.8).

### **C. RECURSOS (p.9)**

### **D. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS (p.9)**

### **E. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN (p.12)**

**ANEXO: rúbrica cos obxectivos do Plan de biblioteca e o seu grao de consecución (p.14)**

## **A. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN**

Desde o conservatorio partimos da realidade de que a sistematización de actividades que especificamente competen á lectura, á escritura, así como á adquisición gradual das competencias básicas do alumnado, hai que entendelas no contexto dunha ensinanza musical regrada non obrigatoria.

Ter unha biblioteca no centro facilítanos a consecución dos nosos propios obxectivos curriculares mais tamén permítenos aportar o noso gran de area na consecución das competencias básicas da ensinanza obrigatoria en prol da mellora da calidade do ensino público e da contribución a unha sociedade lectora, activa, solidaria e máis libre.

A nosa biblioteca é centro de referencia de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información, mais tamén trabállase dentro das nosas posibilidades para facilitar a consecución dos seguintes obxectivos:

a) ser un punto de encontro entre alumnado e profesorado que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais estimule os intercambios culturais no centro.

b) desenvolver actitudes favorables cara a lectura (ambientes lectores) para formar usuarios e lectores, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do Plan de Lectura e doutros programas do centro que poidan contribuír ao incremento do éxito escolar.

c) servir de canle para a integración de fontes informativas en calquera soporte e das tecnoloxías da comunicación e da información.

d) ser un espazo inclusivo para o desenvolvemento persoal, social e cultural que funcione como factor de compensación social e de equidade.

No contexto do curso actual e tendo en conta os resultados da avaliación diagnóstica máis recente que tivo lugar no mes de xuño pasado, as necesidades prioritarias son:

a) reorganizar os fondos de audiovisuais para optimizar o espazo e á súa vez aproveitar a biblioteca como un lugar que ofrece diferentes oportunidades no tempo de lecer nun ambiente acolledor.

b) seguir a mellorar a dinamización da biblioteca con actividades de fomento da lectura e da difusión cultural, e prestar especial coidado na súa maior divulgación e visibilidade.

Para o deseño do Plan Anual de Lectura 2023-24 traballouse co Proxecto Lector do Centro (2020-24), as liñas prioritarias de actuación deseñadas para este curso, a convocatoria do PLAMBE para o curso 2023/24 (Resolución do 6 de xuño) e as instrucións de comezo de curso da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2023/2024 (Resolución do 20 de setembro de 2023).

## **B. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO**

Estas son as liñas de traballo para este curso 2023-24 organizadas en cinco bloques:

### **1. En relación coa organización e xestión.**

O horario de apertura mantense de luns a xoves de 16:00 a 21:00 e os venres de 16:00 a 20:00. Este horario estará cuberto tanto por membros do equipo de apoio como por profesores colaboradores e difundido entre a comunidade educativa. Abrirase tamén os venres de mañá (horario por determinar) por membros do equipo para dar resposta á necesidade de ter a biblioteca aberta nesta franxa.

Os servizos bibliotecarios básicos son: empréstimo a domicilio; lectura, escoita ou estudo en sala; consulta dos fondos “M” (“Biblioteca Histórica”) previa solicitude.

Reorganizarase o espazo para acoller novas propostas para o alumnado con xogos (xadrez, damas, quebracabezas, pinturas) e, despois de que unha pantalla de conferencias sexa instalada, decorarase a parede principal. Unha vez reorganizados os espazos, actualizarase o plano da biblioteca.

Adquiriranse fondos en función das carencias detectadas e/ou as necesidades que poidan xurdir nos departamentos dentro do orzamento de que se dispoña, calquera que sexa o tipo de soporte o formato solicitado. No que respecta ao traballo técnico, ademais dos propios dunha biblioteca, organizarase a catalogación do material de ergonomía xunto co seu responsable. Así mesmo, estamos á espera de que a Asesoría nos migre a KOHA.

A dinamización será prioridade mais, en función do tempo dispoñible outros traballos técnicos proxectados son:

- a) Continuación coa catalogación dos audiovisuais almacenados no centro.
- b) Comezo das expurgas de doazóns antigas (a ter en conta o apartado cuarto da Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, sobre bibliotecas escolares).
- c) Comezo co re-etiquetado dos fondos instrumentais para eliminar o *número currens* e estudo do seu ritmo de incorporación.

Para rematar este apartado, durante todo o curso realizarase una revisión e actualización do Plan de Lectura do Centro para que entre en vigor o curso 2024/25.

**2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.**

As actividades de dinamización e promoción da biblioteca seguirán na liña do curso pasado e intentarase mellorar a súa difusión entre a comunidade educativa.

Difundiranse as novidades e faranse recomendacións de lectura e/ou escoita de xeito trimestral. As recomendacións estarán sempre relacionadas coas nosas ensinanzas e se terá en conta o lema das bibliotecas escolares deste curso.

Realizarase unha exposición en torno ao lema deste curso 2023-24.

Os medios empregados para a proxección ao exterior serán tanto físicos como virtuais:

- a) Blog (<http://bibliotecajosefontenlaleal.blogspot.com.es/>) e *Facebook* (@bibliotecajfl). Seguirase a potenciar a consulta do catálogo *on line*.
- b) Páxina web do centro.
- c) Emprego de infografías e códigos QR nos carteis.

### **3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital).**

A formación de novos usuarios farase durante o mes de outubro (mes das bibliotecas), a través de visitas guiadas en colaboración co departamento de linguaxe musical. Aproveitarase para difundir entre o alumnado o programa “Bibliotecas Escolares Solidarias: voluntariado na biblioteca escolar”.

Ao profesorado novo no centro enviaráselle o seu número de usuario e un tríptico informativo. Respecto á formación interna do profesorado colaborador en Meiga, farase a comezo de curso unha pequena reunión informativa para aqueles interesados e deixarase unha copia do titorial Meiga no ordenador e na mesa do profesor con garda en biblioteca.

Deseñarase o “IV Reto musical”, actividade a través da cal os participantes traballarán a alfabetización informacional: definir e articular a información necesitada; localizar,

avaliar e organizar a información; uso ético da información e uso das TIC para procesar a información e comunicala. Intentarase que garde relación co lema deste curso das bibliotecas escolares e/ou cos Plan Proxecta+ nos que está inmerso o centro.

#### **4. En relación ao fomento da lectura e co desenvolvemento do Plan de Lectura de centro.**

Ao principio de curso o equipo seleccionará as conmemoracións do calendario escolar 23-24 da Comunidade Autónoma de Galicia cas que traballaremos, así como conmemoracións non ritualistas en torno ao lema desde curso cunha periodicidade trimestral.

Programaranse actividades coa música e ca lectura como elementos vertebradores:

- a) Celebración da Semana do libro en abril (actividade por determinar). Colaboración co EDLG o 23 de abril, con motivo do día do Libro 2024 coa lectura na biblioteca de anacos da obra de Luisa Villalta.
- b) Posta en marcha da “Merendas na biblio”: proxección de anacos de películas e/ou debuxos seleccionados nas horas centrais da tarde para que o alumnado que o necesita poida merendar namentres.
- c) Grandes lectores: a finais do terceiro trimestre darase un pequeno agasallo e diploma aos usuarios destacados como recoñecemento a súa ilusión.

Avaliarase mercar unha partida específica de xogos (xadrez, damas, quebranoces) así como fondos de literatura infantil relacionados ca música, de

seren posible en galego. Así mesmo, difundirase a plataforma Elbe2 entre o claustro.

Seguirase a traballar na compensación das desigualdades sociais que a biblioteca permítenos.

**5. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro; en relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.**

En relación a unha biblioteca inclusiva, non temos previsto realizar novas actuacións e seguimos ca situación do derradeiro curso. De seren necesario, traballaremos para dar resposta ás necesidades do alumnado e profesorado neste eido (accesibilidade, recursos dispoñibles, sinalización, equipamentos, mobiliarios e actividades propostas).

No referente á formación do equipo de biblioteca, participarase nos Encontros PLAMBE de Bibliotecas Escolares de Galicia e naquelas formacións ás que o equipo poda asistir.

Dentro dos programas nos que está inmerso o centro, colaboraremos co Plan Proxecta+ “Música, Mestra!” e “A música da nosa poesía”. Tamén colaborarase coa Sociedade Filharmónica Ferrolá e Vicedirección para realizar saídas didácticas aos concertos da tempada. E, por suposto, seguiremos a colaborar cas propostas que poidan xurdir dos equipos do centro (TICs, Convivencia, Actividades, EDLG) e dos diferentes departamentos.



## **C. RECURSOS HUMANOS**

A responsable da biblioteca segue a ser Águeda Gutiérrez e mantense o equipo de apoio cos profesores Iria Hevia, Óscar López, Pedro Álvarez e M<sup>a</sup> Isabel Sanjuán.

Xunto con xefatura de estudos, designarase o resto de profesores/as colaboradores/as para completar o horario cas “gardas de biblioteca”. Se informará a todos eles a comezo de curso das súas funcións, das normas de biblioteca e do seu funcionamento.

A reunión do equipo será os martes despois do resto das reunións (de 13:00 a 14:00) coa posibilidade de seren telemáticas. O contido das reunións quedará rexistrado en actas mensuais.

## **D. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS**

### Primeiro trimestre 2023/2024

- \* Inclusión do Plan Anual de Biblioteca na PXA.
- \* Actualización dos documentos de biblioteca.
- \* Reorganización de espazos.
- \* Contacto ca Sociedade Filharmónica Ferrolá e comezo da colaboración.
- \* Recollida de datos de cara ao estudo estatístico e avaliación.
- \* Recuperación dos fondos emprestados.

\* Celebración de datas de especial interese: Día da Biblioteca (24 outubro), Día da Música (22 de novembro).

. \* Xeración dos carnés para o alumnado de novo ingreso e profesorado novo.

\* Formación de profesores colaboradores e visitas guiadas a biblioteca para os alumnos de 1º de grao elemental (outubro). Publicidade entre o alumnado do programa Bibliotecas Escolares Solidarias: “Voluntariado na biblioteca escolar”.

#### Segundo trimestre 2023/2024

\* Organización da actividade “Merendas na biblio”.

\* Asistencia aos Encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

\* Colaboración co EDLG mediante un artigo na revista do centro “*Falamus*”.

\* Organización do “IV Reto Musical”.

\* Celebración da Semana do Libro en abril (actividade por determinar).

\* Colaboración co EDLG coa lectura de anacos da obra de Luisa Villalta o Día do Libro en biblioteca.

\* Exposición en torno ao lema do curso 2023-24.

#### Terceiro trimestre 2023/2024

\* Celebración de datas de especial interese: Día do Libro Infantil (2 de abril), Día de Libro (23 de abril), Día das Letras Galegas (17 de maio).

\* Presenza da biblioteca no día de “Xornadas Abertas” no Conservatorio (abril-maio).

- \* Recoñecemento aos grandes lectores do curso 2023-24 (maio-xuno).
- \* Recollida de enquisas e suxestións en urna ou blog (alumando) e con Google formularios (para o claustro).
- \* Consulta de estatísticas en Meiga.
- \* Inventariado dos fondos de biblioteca e solicitude de devolución dos non devoltos.

Actividades que se desenvolven todo o curso académico:

- \* Adquisición de fondos segundo as necesidades do centro e a súa catalogación e difusión. Avaliarase un pedido específico de literatura infantil de temática musical, a seren posible en galego.
- \* Catalogación de novidades e audiovisuais.
- \* Recomendacións e boletíns de novidades trimestrais.
- \* Conmemoracións seleccionadas dentro das propostas do anexo I da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar 2023-24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- \* Celebración das datas non ritualistas decididas polo equipo de biblioteca cunha periodicidade polo menos trimestral.
- \* Publicación no blog do traballo do equipo e das actividades organizadas pola biblioteca ou en colaboración con outros equipos, departamentos ou profesores que sexan de especial interese para toda a comunidade educativa.
- \* Colaboración ca Sociedade Filharmónica Ferrolá e vicedirección para que o alumnado poida asistir aos concertos didácticos da tempada.

\* Participación nos proxectos do centro “Música, mestra!” e “A música da nosa poesía” con boletíns de novidades e aquelas actividades que poidan xurdir.

## **E. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

**Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros). Indicadores e instrumentos a utilizar.**

Farase un seguimento continuo nas diferentes reunións do equipo de biblioteca dos avances e/ou dificultades na posta en marcha do Plan de Lectura a través das concrecións deste Plan Anual 2023-24. Dito seguimento está enfocado a mellorar o servizo á comunidade educativa (servizos e dinamizacións) pois permitirán repensar as nosas prácticas e reconducilas ou mesmo modificalas se fora necesario.

### Criterios de avaliación

- Adecuación das actividades programadas para os usuarios (observación directa, enquisas e suxestións recibidas).
- Grao de concreción dos obxectivos propostos no Plan Anual de Lectura e nas Liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar para este curso.

### Procedementos de avaliación

- Rexistro en “Meiga” do número de préstamos feitos (totais e por materias), número de fondos incorporados e contador de visitas do blog.
- Recollida de suxestións e enquisas dos usuarios (profesores, alumnos).

- Listado dos obxectivos propostos no Plan Anual de Lectura e nas Liñas prioritarias de actuación na biblioteca.

#### Instrumentos de avaliación

- Observación directa. Programa Meiga.
- Plan Anual de Lectura 2023-24 e Liñas prioritarias para este curso.
- Enquisas para avaliar a biblioteca e o seu funcionamento por parte dos usuarios (en urna e a través do blog) e, de facerse, enquisa de calidade (CentrosNet).
- Recollida de suxestións (en caixón físico e a través do correo electrónico).
- Rúbrica co grado de consecución dos obxectivos propostos no Plan Anual de Lectura 2023-24 (ANEXO).



## ANEXO

### Rúbrica: consecución dos obxectivos do Plan de biblioteca 2023-24

Obxectivo	Si	No	Observacións
<b>En relación coa organización e xestión</b>			
Actualizar as normas, guía, e tríptico informativo da biblioteca e difundilos entre a comunidade educativa.			
Actualizar a información da biblioteca na páxina web do centro.			
Recuperar fondos en setembro 2023 e inventariar en xuño 2024.			
Recoller datos estatísticos ao comezo e ao remate do curso.			
Realizar enquisas a final de curso para avaliación do Plan Anual de biblioteca.			
Elaborar o cadro de profesores gardas en biblioteca xunto con xefatura de estudos e informarlles das normas e funcións.			
Formación do equipo de biblioteca nas súas tarefas.			
Cubrir as necesidades dos departamentos en colaboración con secretaría, a valorar calquera soporte.			
Facer o carné de lector aos alumnos de 1º de GE e alumnado e profesorado de nova incorporación.			
Catalogar e difundir as novidades.			
Decidir xunto co responsable da materia de ergonomía sobre a catalogación do seu material.			
Organizar espazos:			
a) Reorganizar os andeis de audiovisuais.			
b) Habilitar zona para pintar xunto cos quebracabezas e resto de xogos.			
c) Decorar a parede principal.			



Actualizar o plano da biblioteca.			
Mercar un caixón para a devolución dos fondos.			Solicitado o curso 2022-23 a secretaría mais en espera de atopar un coas medidas axeitadas
Catalogar os audiovisuais almacenados.			
Comezar o re-etiquetado dos fondos instrumentais e estudar o seu ritmo de incorporación.			
Reorganizar e comezar coa expurga das doazóns antigas.			
Migrar a KOHA cando a Asesoría solicítalo.			
Dotar á biblioteca dun lector de VHS para poder ver estes fondos en sala.			Solicitado o curso 2022-23 ao equipo TICs dos que hai no almacén.
Revisar e actualizar o Plan de Lectura do centro para que entre en vigor o 2024-25.			
<b>En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca</b>			
Difundir as novidades entre a comunidade educativa.			
Elaborar boletíns de novidades trimestralmente.			
Difundir a colección ou partes dela con recomendacións e unha periodicidade polo menos trimestral en relación á música e ao lema das Bibliotecas Escolares 23-24.			
Utilizar medios virtuais e físicos para a difusión da colección.			
Seguir a traballar nunha maior visibilidade da biblioteca no centro e na difusión dos nosos servizos e actividades entre a comunidade educativa.			A través de mensaxes que sexan fáciles de reenviar polo profesorado-titor.
Realizar unha exposición en torno ao lema do curso 2023-24.			17 de marzo, Día da banda deseñada
Colaborar co EDLG na revista do centro " <i>Falamus</i> " cun artigo.			
<b>En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional</b>			
Desenvolver unha actividade para os novos usuarios (visitas guiadas para os 1º de GE)			
Difundir o programa "Bibliotecas Escolares Solidarias": voluntariado na biblioteca escolar.			
Formar aos novos profesores no emprego de MEIGA.			
Desenvolver o "IV Reto Musical".			



**En relación ao fomento da lectura e co desenvolvemento do Plan de Lectura de Centro**

Decidir as conmemoracións do calendario escolar 23-24 da Comunidade Autónoma de Galicia.			
Decidir as conmemoracións non ritualistas en torno ao lema deste curso cunha periodicidade trimestral.			
Difundir Elbe2 entre o profesorado.			
Mercar unha partida de literatura infantil (ter en conta a banda deseñada), de seren posible a metade en galego e relacionada ca música.			A literatura infantil é unha das materias máis emprestada no centro.
Mercar dentro do presuposto máis quebranos, un xadrez e damas para a zona de xogos.			A finais do curso pasado mercáronse pinturas.
Organizar a actividade "Merendas na biblio".			
Celebrar a "Semana do libro" en abril na biblioteca (actividade por determinar)			
Colaborar co EDLG na actividade para o Día do Libro 2024 (Luísa Villalta).			
Recoñecer aos "Grandes lectores" ao final do curso.			
Traballar para dar respostas ás necesidades do alumnado e profesorado como biblioteca inclusiva.			
Traballar na compensación das desigualdades sociais.			
<b>Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas</b>			
Colaborar cos Plans Proxecta+ do centro: "Música, mestra!" e "A música da nosa poesía".			
Colaborar coa Sociedade Filharmónica Ferrolá en coordinación con vicedirección para realizar saídas aos concertos da tempada.			
Colaborar cos equipos de Actividades, EDLG, TICs e Convivencia.			
Participar nos Encontros PLAMBE organizados pola Asesoría.			
Realizar outras formacións no eido das bibliotecas escolares.			